

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE FEBREIRO DO 2024.****Sesión 05/2024-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de febreiro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de febreiro do 2024 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 01, 02, 03 e 04/2024).

Pola Presidencia preguntáselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 01, 02, 03 e 04/2024, respectivamente extraordinaria do 22 de xaneiro, ordinaria do 25 de xaneiro, extraordinaria e urxente do 08 de febreiro e extraordinaria do 19 de febreiro; non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o



disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2024.

Para os efectos de valorar a necesidade ou non de ter que se votar previamente a urxencia do asunto, logo de estar ditaminado o asunto e por se ter introducido documentación durante a tarde que di que imaxina que estará revisada polo interventor, a secretaria pregúntalle ao interventor se se produciu algunha modificación substancial con respecto do ditaminado, aclarando este que non, polo que a secretaria considera que non é necesario votar sobre a urxencia.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 12 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«1º.- Aprobado inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2024, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quince millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), e, en ingresos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quince millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de persoal	4.964.393,69 €	1. Impostos directos	4.625.000,00 €
2. Gastos en bens correntes servizos	8.643.175,87 €	2. Impostos indirectos	200.000,00 €
3. Gastos financeiros	598.415,00 €	3. Taxas e outros ingresos	1.769.750,00 €
4. Transfer. Correntes	0,00 €	4. Transf. correntes	7.569.646,55 €
5. Fondo de Continxencia	0,00 €	5. Ingresos patrimoniais	906.655,75 €
6. Investimentos reais	774.176,39 €	6. Alleamento invest. reais	0,00 €
7. Transfer. de capital	0,00 €	7. Transf. de capital	0,00 €
8. Activos financeiros	15.000,00 €	8. Activos financeiros	0,00 €
9. Pasivos financeiros	80.891,35 €	9. Pasivos financeiros	5.000,00 €
TOTAL	15.076.052,30 €	TOTAL	15.076.052,30 €

2º.-Aprobado as Bases de Execución do citado Orzamento.

3º.- Aprobado o Cadro de Persoal do Concello para 2024 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.

4º.- Expoñer ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais».

Abre o debate a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, cunha exposición xeral. Intervenien tamén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen anuncia que hase abster; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen tamén adianta que o seu grupo ha votar en contra; o sr. Villar López (SM); novamente, en quenda de réplica, as sras. Pena e Nogareda; remata o debate o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSOE.

Téndose acadado un empate a votos, vólvese votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 8 (4 UPSA e 4 PP).
- Abstencións: 1 GM-PSOE.



Obténdose un novo empate a votos, resulta aprobado polo voto de calidade do presidente o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento municipal para o exercicio de 2024, o importe do cal queda fixado, en gastos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quince millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), e, en ingresos, na cifra de 15.076.052,30.- euros (quince millóns setenta e seis mil cincuenta e dous euros e trinta céntimos), polo que aquel se presenta en equilibrio, e asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

GASTOS		INGRESOS	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1. Gastos de persoal	4.964.393,69 €	1. Impostos directos	4.625.000,00 €
2. Gastos en bens correntes servizos	8.643.175,87 €	2. Impostos indirectos	200.000,00 €
3. Gastos financeiros	598.415,00 €	3. Taxas e outros ingresos	1.769.750,00 €
4. Transfer. Correntes	0,00 €	4. Transf. correntes	7.569.646,55 €
5. Fondo de Continxencia	0,00 €	5. Ingresos patrimoniais	906.655,75 €
6. Investimentos reais	774.176,39 €	6. Alleamento invest. reais	0,00 €
7. Transfer. de capital	0,00 €	7. Transf. de capital	0,00 €
8. Activos financeiros	15.000,00 €	8. Activos financeiros	0,00 €
9. Pasivos financeiros	80.891,35 €	9. Pasivos financeiros	5.000,00 €
TOTAL	15.076.052,30 €	TOTAL	15.076.052,30 €

2º.-Aprobar as Bases de Execución do citado Orzamento.

3º.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello para 2024 que se contén na documentación do Orzamento, dándolle a tramitación establecida nas disposicións vixentes.

4º.- Expor ao público o Orzamento por prazo de quince días hábiles, para presentación de reclamacións conforme ao disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, considerándoo definitivamente aprobado de non se presentar reclamacións no período de exposición pública, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, xunto co Cadro de Persoal, así como a remisión de copia del á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido de disposición legais vixentes en materia de réxime local, e 169.3 e 4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

3º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1P/2024.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 22 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 78.691,13 €».

Abre o debate a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, cunha exposición xeral. Intervenien tamén no debate o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen propón que se retire unha das facturas; o sr. España López (PP); o sr. Fariña Andrade (SM); a sra. Arias Ferreiro (PP); o presidente, sr. Portela Fernández (SM); a secretaria para solicitar aclaracións; o sr. España López (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen tamén propón que se retire a factura á que se fixera antes referencia; novamente o presidente, sr. Portela.

A continuación procédese á votación dunha emenda ao asunto, consistente na retirada dunha das facturas, concretamente a relativa a APPLUS NORCONTROL S.L.U., por un importe de 4.225,53 €, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM, e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.



- Abstencións: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e o resto de documentos incluídos neste expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo a relación que se xunta, impútase gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 74.465,60 €.

4º.- LIQUIDACIÓNS ANUAIS DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE AUGA E DEPURACIÓN DOS ANOS 2014, 2015, 2016 E 2018.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 22 de febreiro do 2024, que recolle literalmente:

«Primeiro.- Recoñecemento de dereitos en concepto de canon polo contrato de abastecemento de auga por importe de 6.502,76 €. Concepto do orzamento de ingresos 55004.

Segundo.- Recoñecemento de dereitos en concepto de canon polo contrato de depuración de auga por importe de 396.154,32 €. Concepto do orzamento de ingresos 55005.

Terceiro.- Autorización e disposición do gasto e recoñecemento da obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de indemnización pola falla de actualización das tarifas no ano 2018 por importe de 39.454,67 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

Cuarto.- Autorización e disposición do gasto e recoñecemento da obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de consumos de auga nas instalacións municipais exercicios 2014, 2015, 2016 e 2018 por importe de 125.989,59 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

ANO	CANON ABASTECIMENTO	CANON DEPURACIÓN	CONSUMOS MUNICIPAIS	SUBVENCIÓN POLA ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS	SALDO A FAVOR DO CONCELLO
2014	1.569,76	95.475,50	26.250,09		70.795,17
2015	1.612,12	97.262,03	34.939,12		63.935,03
2016	1.669,45	101.224,47	34.201,55		68.692,37
2018	1.651,43	100.622,56	30.598,83	39.454,67	32.220,49
TOTAIS	6.502,76	394.584,56	125.989,59	39.454,67	235.643,06

Quinto.- Notificar este acordo ao interesado».

Abre o debate a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, cunha exposición xeral. Intervenien tamén a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen logo de solicitar unha aclaración ao interventor (quen a dá) anuncia que hase abster; o sr. España López (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA); e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM, e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).

Resultando aprobado por maioría simple o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Recoñecer os dereitos en concepto de canon polo contrato de abastecemento de auga por importe de 6.502,76 €. Concepto do orzamento de ingresos 55004.

Segundo.- Recoñecer os dereitos en concepto de canon polo contrato de depuración de auga por importe de 396.154,32 €. Concepto do orzamento de ingresos 55005.



Terceiro.- Aprobar a autorización e disposición do gasto e o recoñecemento da obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de indemnización pola falla de actualización das tarifas no ano 2018 por importe de 39.454,67 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

Cuarto.- Aprobar a autorización e disposición do gasto e o recoñecemento da obriga a favor de VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU en concepto de consumos de auga nas instalacións municipais exercicios 2014, 2015, 2016 e 2018 por importe de 125.989,59 €. Aplicación orzamento de gastos 161.22114.

ANO	CANON ABASTECIMIENTO	CANON DEPURACIÓN	CONSUMOS MUNICIPAIS	SUBVENCIÓN POLA ACTUALIZACIÓN DAS TARIFAS	SALDO A FAVOR DO CONCELLO
2014	1.569,76	95.475,50	26.250,09		70.795,17
2015	1.612,12	97.262,03	34.939,12		63.935,03
2016	1.669,45	101.224,47	34.201,55		68.692,37
2018	1.651,43	100.622,56	30.598,83	39.454,67	32.220,49
TOTAIS	6.502,76	394.584,56	125.989,59	39.454,67	235.643,06

Quinto.- Notificar este acordo ao interesado.

5º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DO 2024, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia de incluír este asunto na orde do día en que se presentaran dúas mocións para os efectos, tanto por parte do concelleiro do grupo municipal mixto polo BNG, o sr. Graña Mosquera, como por parte do grupo municipal do PP, a través da súa voceira, a sra. Arias Ferreiro, agradecendo que fose posible reconducilas para tratar o asunto en forma de declaración institucional do conxunto da Corporación.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Logo o presidente, sr. Portela Fernández (SM), dá lectura á declaración institucional, que a continuación reproducéase literalmente:

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO DE 2024 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) conmemora este 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, reafirmando o seu compromiso coa igualdade de xénero en todos os espazos da vida política e social local.

Dende cada un dos trescentos trece concellos galegos se asume a necesidade de avanzar cara a unha representación paritaria de mulleres e homes nesas corporacións locais. Nesa liña, estanse a dar pasos moi importantes, pero aínda non suficientes, como é ter pasado nestes últimos vinte anos de dezaioito alcaldesas no ano 2003 a setenta e unha alcaldesas no ano 2023, o que supón un 22% dos concellos galegos.

No caso das concelleiras a porcentaxe ascende ao 40%. E nas deputacións provinciais o 36 % son deputadas fronte ao 64% de deputados. As catro presidencias das deputacións contan todas elas con presidentes. Estas cifras reflicten que as mulleres seguen estando infrarrepresentadas nos espazos máis importantes de toma de decisións do eido local.

As mulleres seguen a padecer máis dificultades que os homes para desenvolver a súa actividade política nos concellos e nas deputacións, espazos políticos aínda moi masculinizados, como tamén sucede na participación social local. Aínda así, en ambos casos se están dando importantes avances nos liderados femininos tanto no número de alcaldesas, concelleiras e deputadas provinciais, como nas asociacións veciñais, de nais e pais, de organizacións ecoloxistas e culturais.



Dende os concellos galegos se recoñecen estes avances en reforzo de todo o labor que aínda queda por desenvolver ata conseguir que os concellos galegos sexan espazos onde a igualdade sexa unha realidade; abordando tanto as barreiras estruturais como as actitudes e percepcións que perpetúan a discriminación, e garantindo que todas as persoas accedan as mesmas oportunidades.

Neste período ata as próximas eleccións municipais teñen que seguir dándose pasos cara a igualdade, polo que a FEGAMP en representación dos concellos galegos se compromete a:

- *Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.*
- *Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.*
- *Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.*
- *Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista».*

A continuación procédese ao debate da moción, coas intervencións da sra. Pena Álvarez (GM); da sra. Arias Ferreiro (PP), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; da sra. Nogareda Marzoa (UPSA); do sr. Fariña Andrade (SM); e outra vez do sr. Graña, da sra. Arias, da sra. Nogareda; de novo do sr. Graña, da sra. Arias e da sra. Nogareda.

A continuación procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

O concello de Sada comprométese a:

- Promover a participación activa das mulleres na vida política e social local, mediante accións de sensibilización, capacitación e fomento do liderado feminino que permitan acadar a paridade nas corporacións e nas alcaldías.
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e programas, garantindo que se tomen en conta as necesidades e realidades específicas de mulleres e nenas nas nosas accións.
- Aplicar medidas para garantir a igualdade salarial e de oportunidades no emprego, promovendo a participación equitativa de mulleres en todos os niveis e sectores laborais.
- Impulsar campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, dando apoio integral ás mulleres vítimas e traballando na erradicación da violencia machista.

6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 22 de xaneiro (núm. 98) ata o 23 de febreiro do 2024 (núm. 344).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos e das Resolucións ditados pola Alcaldía dende o día 22 de xaneiro do 2024 (núm. 98, do expediente 2024/G003/000107) ata o 23 de febreiro do 2024 (núm. 344, do expediente 2024/G003/000364), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Por se ter aprobado no punto 5 da orde do día, de urxencia, unha declaración institucional con motivo do 8 de marzo do 2024, día internacional da muller, retíranse as dúas mocións que se presentaran para os efectos en prazo tanto por parte do concelleiro do grupo municipal mixto polo BNG, o sr. Graña Mosquera, como por parte do grupo municipal do PP, a través da súa voceira, a sra. Arias Ferreiro.



C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto-BNG, o sr. Graña Mosquera fai os seguintes rogos, relativos ao mantemento de estradas e do material municipal:

1º.- Roga que se amañen os danos en Carnoedo nun banco roto e que se resolva unha entrada de auga no pavillón.

2º.- Roga que se amañen as fochancas dunha pista en Meirás, diante dunha residencia de anciáns.

O sr. Graña pregunta sobre a posibilidade e viabilidade de municipalizar o servizo de augas neste mandato.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Pena Álvarez (GM-BNG) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que se aproveiten as subvencións aos concellos *Next Generation EU* con respecto do noso litoral.

2º.- Roga que se faciliten os asentos do rexistro xeral porque di que hai tempo que non se reciben.

A sra. Pena formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta polos actos previstos con motivo do día 8 de marzo.

Contesta a sra. Martínez Abruñedo, concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

2ª.- Pregunta polo estado do *cocotero de Chile* que hai no pazo de Meirás, afectado pola praga do picudo vermello.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Arias Ferreiro (PP) pregunta por que non se contestou á solicitude do pasado 15 de febreiro efectuada pola *Fundación La Terraza* na que instaba ao concello a solicitar unha subvención para rehabilitar o edificio.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Arias roga que se convoque a Comisión Informativa de Urbanismo para abordar asuntos como a rehabilitación do edificio de La Terraza e outros aos que tamén fai referencia.

A sra. Arias pregunta con respecto da seguridade cidadá se hai algunha novidade con respecto do acordo de solicitar que o posto da Garda Civil pase a ser posto principal, así como tamén polos efectivos con que se contan da Policía Local, preguntando polas medidas a adoptar e polo cumprimento da xornada, e rogando que todos poidan rotar nas diferentes quendas, que mesmo se habiliten horas extra para reforzalas, que se lles invite a participar na sesión convocada da Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá e que o alcalde actúe xa con respecto da sensación de inseguridade cidadá que di que estamos a vivir.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Salorio Porral (UPSA) pregunta se ha contestarse a uns veciños de Meirás que hai tempo que solicitaran o corte e retirada dunhas polas, polo que xa se preguntou na sesión ordinaria anterior, ou se ha facerse algo para emendar o problema.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

A sra. Salorio con motivo do 8 de marzo expresa tamén que lle gustaría que o concello en xeral e esta Corporación en particular condenase os insultos machistas que recibiron as mulleres membros do goberno municipal cando se conformou o 18 de novembro do 2022 e os días seguintes.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA), roga que o alcalde atenda aos informes e recomendacións dos técnicos.

A sra. Nogareda pregunta que acontece coa fichaxe do concello, e máis se non se está a facer.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000005

Contesta a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, dicindo que o fará por escrito.

A sra. Nogareda logo dunha longa exposición para os efectos con respecto de actuacións levadas a cabo polo goberno local, roga ao alcalde que non minta.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente. Deseguido intervén nova e brevemente a sra. Nogareda.

Toma a palabra para pechar a sesión o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 07 minutos do día xoves 29 de febreiro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.